



Ref/Secretaría Xeral/Juan Manuel Salguero del Valle

ACTA SESIÓN PLENO EXTRAORDINARIO
10 DE XANEIRO DE 2022

No Salón de Plenos da Casa Consistorial de Ribeira, sendo as **vinte horas do mércores 10 de xaneiro de 2022** (previamente efectuada a convocatoria polo Alcalde Manuel Ruiz Rivas o 4-01-2022) reuníronse en primeira convocatoria e baixo a presidencia do Alcalde-Presidente os membros do Pleno enumerados a continuación según o previsto no artigo 46.3 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, coa fin de celebrar pleno extraordinario (

A celebración do pleno adopta a modalidade de "telemático" según Decreto de Alcaldía de data 4 de Xaneiro de 2022

Partido Popular (PP)
1.-Manuel Santos Ruiz Rivas, alcalde-presidente
2.-María José Sampedro Fernández
3.-Ramón José Doval Sampedro <i>(telemáticamente)</i>
4.-Manuel Emilio Pérez Outeiral <i>(telemáticamente)</i>
5.-Ana Isabel Barreiro Rego. <i>(telemáticamente)</i>
6.-Victor Reiriz Lampón <i>(telemáticamente)</i>
7.-Juana María Brión Santamaría <i>(telemáticamente)</i>
8.-Elvira Pereira Ageitos. <i>(telemáticamente)</i>
9.-Javier Ventura Sampedro Ageitos <i>(telemáticamente)</i>
Partido Barbanza Independiente (PBBI)
1.-Vicente Mariño de Bricio
2.-María Herminia Pouso Maneiro <i>(telemáticamente)</i>
3.-Miguel Ángel Vázquez Salgueiro (EXCUSA A SÚA AUSENCIA)
4.-Emilio Andrés González Regueira. <i>(telemáticamente)</i>
5.-Gerardo Pardavila Fernández. <i>(telemáticamente)</i>
6.-Asier Casais Álvarez <i>(telemáticamente)</i>
7.-Tania Redondo Fernández <i>(telemáticamente)</i>
Partido dos Socialistas de Galicia-Psoe (Ps de G-Psoe)
1.-José Manuel Vilas Álvarez
2.-José Manuel Suárez-Puerta Sirgado. <i>(telemáticamente)</i>
Bloque Nacionalista Galego (B.N.G)
1.-Xosé Antonio Vázquez Cobas
2.-Luis Antonio Pérez Barral <i>(telemáticamente)</i>





Suma Ribeira (SR)
1.-Xurxo Ferrón Vidán

A Corporación está asistida polo **Sr. Secretario** deste Concello, **D. Juan Manuel Salguero del Valle**, que dá fe do acto, e polo **Sr. Interventor** do mesmo, **D. Pablo Bao Castro**.

Asiste asemade, en calidade de **asesor informático**, **D. Ramón Martínez Becerra**.

Ábrese a sesión polo **Sr. alcalde-presidente** procédese a tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ORDINARIA 1 DE DICIEMBRE DE 2021 (aprazada do día 29 de decembro)

Preséntase para aprobación esta acta:

-Acta do Pleno ordinario celebrado o **1 de decembro de 2021**

En cumprimento do disposto no **artigo 91.1 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF)**, e o **artigo 109 do Regulamento Orgánico da Cidade de RIBEIRA**, o **Sr. alcalde-presidente** pregunta ós/ás Sres./as concelleiros/as se teñen que formular algunha observación a acta correspondente á sesión ordinaria do día **1 de decembro de 2021**.

Sen observacións, e sen votación expresa.

O **Sr. alcalde-presidente (grupo m. P.P.)** dí que se aproba a acta por unanimidade dos membros presentes.

Resulta aprobada por **asentimento** dos membros presentes esta acta do pleno:

-Acta do **Pleno da sesión ordinaria celebrada o 1 de decembro de 2021**.

2.- APROBACIÓN DECLARACIÓN COMO FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE RIBEIRA A D. MANUEL AYASO. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Previa ratificación sobre a inclusión do presente asunto na orde do día ao abeiro do disposto no artigo artigo 82.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno da Corporación dunha **proposta da Alcaldía** de data 5 de xaneiro de 2022 do seguinte tenor literal:

Falar de Manuel Ayaso é facelo dun pintor con maiúsculas, un home sinónimo de entrega a unha disciplina, creador brillante, imaxinativo e orixinal, e un valor seguro da nosa cultura, cunha traxectoria internacional destacada pero que malia iso segue arraigado no concello que o viu nacer.

No seu conxunto, a obra plástica de Manuel Ayaso é un dos feitos artísticos e culturais máis importantes da Galicia contemporánea, con máis de 60 exposicións individuais e colectivas realizadas nos EEUU e no noso país, polo que a súa proxección debe ser merecedora dun recoñecemento destas características. Coa súa obra e bo facer contribuíu a levar o nome de Aguiño, Ribeira e Galicia polo mundo adiante, facendo difusión cultural da lingua, historia e arte da nosa comunidade e mantendo sempre a súa identidade galega a través da activa



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220804910
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/01/2022 MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/01/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/01/2022 14:01:44		Fecha: 11/01/2022 Hora: 14:01





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

participación en centros de emigrantes, casas de Galicia no exterior e outras entidades culturais relacionadas coa nosa terra.

O artista cumpre á perfección cos requisitos para o seu recoñecemento como Fillo Predilecto do Concello de Ribeira.

Noutro eido, xa en 2014 o pleno da Corporación Municipal de Ribeira tratou esta cuestión para solicitar á Xunta de Galicia a concesión da prestixiosa Medalla Castelao, así como a posibilidade de outorgarlle a grande honra de nomealo Fillo Predilecto deste concello, acordo que foi tomado por unanimidade instando á Comisión Institucional do Concello de Ribeira formada por todos os grupos con representación municipal estudase as posibles distincións que podería recibir este artista.

Nese momento, a inclusión na orde do día desta petición estivo avalada polo interese das distintas entidades do municipio (Liceo Marítimo, Fundación Museo do Gravado de Artes, Asociación Francisco Lorenzo Mariño, Confraría de Pescadores de Ribeira... entre outros) ante o renome internacional de Ayaso, segundo se recollía en distintos escritos presentados. Nestes documentos tamén se resalta a inspiración que a súa terra de orixe, Aguiño, exerceu sobre as súas creacións: A illa de Sálvora, Couso, O Vilar, As Dunas de Corrubedo, os faros. Finalmente foi en sesión plenaria da Corporación Municipal de Ribeira, con data 28 de xaneiro de 2019 onde se decidiu por unanimidade dos seus membros instar á Xunta de Galicia a conceder a medalla Castelao a Manuel Ayaso Dios dado que reúne, entre outros, os seguintes méritos:

Curriculum vitae Manuel Ayaso Dios

Biografía.

Aínda que de formación totalmente foránea, é un artista galego nado en Aguiño o 1 de xaneiro de 1934. Cando contaba trece anos coa súa familia emigra a Estados Unidos, e reside en Nova York, onde inicia os seus estudos artísticos en 1955 como bolseiro da Newark School of Fine and Industrial Arts. Pasa algún tempo en Madrid, estudando intensamente a artistas da súa preferencia, que van do Bosco a Solana, pasando por Goya, sobre todo a obra gráfica do xenial aragonés.

Na actualidade reside entre a cidade de Verona, non lonxe de Nova York, onde mantén ao longo dos anos contactos con outros artistas galegos como o pontevedrés Jorge Castillo; e a cidade de Ribeira, aínda que confesa que lle gustaría vivir na súa vila natal, Aguiño.

Ayaso é un excepcional debuxante, imaxinativo, irónico, que participa tanto do esperpento valleinclanesco como do maxicismo de Joan Ponç; destaca polo seu mundo peculiar, irónico, deliberadamente caricaturesco. Reminiscencias surrealistas latexan constantemente na súa obra, dalgunha maneira comparable coa de artistas tan distantes como Ensor ou Laxeiro, inclusive con Eugenio Granell. Quere isto dicir que aprende unha ampla tradición para ser á fin e ao cabo el mesmo, persoal, rico, ás veces case miniaturista.

Trasgos, bruxas, monstros, figuras de onirismo e pesadelo poboan os seus cadros, sentidos deliberadamente como ilustración para unha literatura fantástica, humanizando o absurdo, o exacerbado o inquietante e ata horroroso. Porque, goyescamente, o soño da razón produce monstros. A súa obra foi reproducida en numerosas publicacións artísticas de prestixio a nivel nacional e internacional e sobre todo nos Estados Unidos de América e Galicia. Na nosa terra conta con catálogos realizados pola Deputación da Coruña, Xunta de Galicia, Fundación Abanca, Eugenio Granell, Pedro Barrié de la Maza, ARGA, Liceo de Noia, Concello de Ribeira, Museo do Gravado de Artes ou Museo de Pontevedra entre outros.

Manuel Ayaso Dios

Traxectoria artística.

Consegue o seu primeiro galardón, inicio dunha longa lista, en 1960 no Grubeck Award, Museo de Arte Monclair, e expón na galería Cobert de Nova York. A partir de entón, a súa sinatura acadada considerable prestixio no mundo da arte de Norteamérica.

En 1963 foille concedida unha bolsa pola fundación Tiffany. Recibe ofertas para expoñer en España, concretamente na galería Juana Mordó, que non acepta, quizais no desexo de facelo por primeira vez en Galicia. En Santiago, na Casa da Parra, a súa mostra en 1997, auspiciada pola Xunta de Galicia, constitúe un éxito, ao tempo que unha sorpresa, posto que se coñece un artista galego notable, ata daquela case ignorado. Exhibiu as súas creacións en Texas, México, Roma, Minnesota, New Jersey e, reiteradamente en Nova York. Está representado en museos de Newark, New Jersey, Pensilvania e Arkansas. Ademais dos premios, recibiu o Purchase varias veces, o primeiro premio do museo de Jersey City e a mención de honor da galería Del Bello, en Toronto, Canadá.



FIRMANTE - FECHA





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

En 2007 recibe a “Paleta de Prata” da Asociación de Artistas Plásticos Galegos ARG A, en 2009 é nomeado “Aguñés das Artes” pola AFLM de Aguiño no marco do acto do 50 Aº da Parroquia e en 2015 entréganlle o Sereo como “Premio Barbantia da Cultura Galega” e o 29 de xaneiro de 2018 a Corporación Municipal do Concello de Ribeira en pleno acorda por unanimidade denominar a casa da cultura de Aguiño como “Casa da Cultura Manuel Ayaso”.

Recoñecementos. Manuel Ayaso Dios.

1960.- Trubeck Award. Monclair Art Museum.
1961.-Purchase Award, “Drawings U.S.A.”, St Paul Gallery and School of Art. 1962.-Tiffany Foundation Scholarship Award in Painting.
1964.- First Prize, N.J. Tercentenary Exhibition, Jersey City Museum. 1964.- Ford Foundation Purchase.
1968.- Purchase Award, N.J. State Museum
1971.- Childe Hassam Purchase Award, National Institute of Arts and Letters.
1987.-Honorable Mention, 2ª Annual International Exhibition of Miniature Art, Del Bello Gallery, Toronto, Canada.
2007.- III Paleta de Prata de ARG A

2009.- Aguiñés das Artes da AFLM. 2015.- Premio Barbantia á Cultura Galega.
2018.- Recoñecemento plenario do Concello de Ribeira e denominación da Casa da Cultura de Aguiño co seu nome.

Coleccións artísticas. Manuel Ayaso Dios.

-Witney Museum of American Art. The Newark Museum.
-The New Jersey State Museum.
-The Butler Institute of American Art. Summer Foundation for de Arts, N.J.
-St. Paul Gallery and School of Art, Minn. Illinois Wesleyan University.
-The Pennsylvania Academy of the Fine arts. Worcester Museum, Mass.
-American Israel Foundation.
-Montclair Art Museum, Montclair, N. J.
-University of Oregon Museum of Art, Eugene, Oregon. The Arkansas Arts Center, Little Rock, Arkansas.
-Concello de Ribeira.
-Casa da Cultura de Aguiño, Ribeira. Casa de Galicia, Madrid.
-Museo do Gravado á Estampa dixital, Artes. A Coruña Colección Novacaixagalicia.
-Concello de Porto do Son, A Coruña.
-Concello de Brión, A Coruña.
-Museo Etnográfico de Artes, A Coruña.
-Liceo Marítimo de Ribeira, A Coruña.
-Sociedade Liceo Noia, A Coruña.
-Asociación de Artistas Plásticos Galegos.

Tamén ten numerosas coleccións privadas en Norteamérica, Sudamérica e Europa.

Por canto antecede, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.-Outorgar a D. Manuel Ayaso Dios o título de Fillo Predilecto do Concello de Ribeira ao ser un referente das artes na nosa terra, e polo tanto da nosa Cidade, por difundir, preservar e poñer en valor a arte a cultura galegas no exterior e na propia comunidade.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220804910
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 11/01/2022	Fecha: 11/01/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 11/01/2022	Hora: 14:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES	- 11/01/2022 14:01:44	





Segundo:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito posible para garantir, xunto co todos/as os/as voceiros/as dos grupos políticos municipais, a plena efectividade do presente acordo.

Ribeira, na data da sinatura dixital. O alcalde-presidente
Asdo. Manuel Ruiz Rivas”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta da Alcaldía, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, *previa incorporación a petición do Sr. voceiro do GM do BNG D. Xosé Antonio Vázquez Cobas, dentro de capítulo de méritos, do Premio da Crítica de Galicia na modalidade de Artes Plásticas na anualidade 2021*, sómese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía transcrita de data 5 de xaneiro de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (9PP, 6 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros presentes **aprobal**a proposta da Alcaldía sobre **APROBACIÓN DECLARACIÓN COMO FILLO PREDILECTO DO CONCELLO DE RIBEIRA A D. MANUEL AYASO**, e en consecuencia aproba:

Primeiro.-Outorgar a D. Manuel Ayaso Dios o título de Fillo Predilecto do Concello de Ribeira ao ser un referente das artes na nosa terra, e polo tanto da nosa Cidade, por difundir, preservar e poñer en valor a arte a cultura galegas no exterior e na propia comunidade.

Segundo:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito posible para garantir, xunto co todos/as os/as voceiros/as dos grupos políticos municipais, a plena efectividade do presente acordo.

3.-APROBACIÓN PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DO CONCELLO DE RIBEIRA (PMUS). ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Previo ratificación sobre a inclusión do presente asunto na orde do día ao abeiro do disposto no artigo artigo 82.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno da Corporación dunha **proposta da Alcaldía** de data 4 de xaneiro de 2022 do seguinte tenor literal:

VISTO o proxecto de Plan de Mobilidade Urbana e Sostible do Concello de Ribeira enmarcado dentro do eixe 5 de “Desenvolvemento Rural e Urbano, no macro proxecto Ribeira Atlántica 2015, cofinanciado nun 70% con fondos FEDER da Unión Europea e que por obxecto fundamental facer do Concello Ribeirense un referente turístico de Galicia en base a criterios de rentabilidade e sostenibilidade.

Por medio da presente propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:





Primeiro:-Aprobalo Plan de Mobilidade Urbana e Sostible do Concello de Ribeira enmarcado dentro do eixe 5 de "Desenvolvemento Rural e Urbano, no macro proxecto Ribeira Atlántica 2015.

Segundo:-Someter o presente acordo de aprobación inicial a exposición ao público coa fin de que os interesados poidan presentar alegacións durante o prazo do trinta días dende a súa publicación no BOP de A Coruña. Se durante o devandito prazo non se presentaran alegacións o acordo de aprobación inicial automáticamente elevarase a definitivo.

Terceiro:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

Ribeira, na data da súa sinatura dixital.

Asdo.Manuel Ruiz Rivas"

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta da Alcaldía, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía transcrita de data 4 de xaneiro de 2022, *previa incorporación a petición do Sr. voceiro do Grupo Municipal do BNG, D. Xosé Antonio Vázquez Cobas dentro do segundo apartado da expresión, "especialmente someterase a consideración da Mesa de Peonalización para a súa revisión",* co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 6 PBB

-ABSTENCIÓNS: 5 (2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría simple** dos seus membros **aproba** a proposta da Alcaldía sobre **APROBACIÓN PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DO CONCELLO DE RIBEIRA (PMUS)**, e en consecuencia aproba:

Primeiro:-Aprobalo Plan de Mobilidade Urbana e Sostible do Concello de Ribeira enmarcado dentro do eixe 5 de "Desenvolvemento Rural e Urbano, no macro proxecto Ribeira Atlántica 2015.

Segundo:-Someter o presente acordo de aprobación inicial a exposición ao público coa fin de que os interesados poidan presentar alegacións durante o prazo do trinta días dende a súa publicación no BOP de A Coruña. Se durante o devandito prazo non se presentaran alegacións o acordo de aprobación inicial automáticamente elevarase a definitivo. *Especialmente someterase a consideración da Mesa de Peonalización para a súa revisión.*

Terceiro:-Facultar ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posíbel para garantir a plena efectividade do presente acordo.

4.-EXPEDIENTE DE CESIÓN A XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL) TÍTULO GRATUITO DO INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL Nº15074A007001280000KI, SITUADO NO LUGAR DE SAIÑAS E IDENTIFICADO COMO PARCELA 128 DO POLIGONO 7 CO OBXECTO DE CONSTRUIR UNHA RESIDENCIA DE MAIORES. ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Previo ratificación sobre a inclusión do presente asunto na orde do día ao abeiro do disposto no artigo 82.3 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dase conta ao Pleno da Corporación dunha **proposta da Alcaldía** de data 4 de xaneiro de 2022 do seguinte tenor literal:

“**VISTO** que o Concello de Ribeira é propietario da seguinte finca:

Descrición: “PRADO”, a prado, no lugar de “As Saiñas”, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, da superficie de corenta e tres áreas cincuenta e seis centiáreas, que linda: Norte, estrada; Sur, muro e despois, herdeiros de Melchor; Este Juana Martínez; e Oeste, José Sampedro. Faise constar que non linda con bens de dominio público marítimo.

Título: Adjudicación administrativa. Foille adjudicada ao Concello en virtude de mandamento administrativo expedido o día 13/09/2013 pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Inscripción: Rexistro da Propiedade de Noia ao folio 206 do tomo 714 do arquivo, libro 176 de Ribeira, finca número 14.666.

Referencia catastral: 15074A007001280000KI. Cargas e arrendamentos: Libre.

VISTO que o Pleno da Corporación, en sesión celebrada na data 25/10/2021, acordou aprobar o Convenio de Colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Ribeira para a cesión a título gratuito dunha parcela e a construción nela dun Centro de Residencia de Persoas Maiores, así como iniciar o expediente para a devandita cesión ó abeiro do disposto nos artigos 215.3.m) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, 22,2 p) e 47.2 ñ) da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, artigos 109 a 111 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, 32.1 e 4 e 36.1 da Lei 33/2003, do 03 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas e 79.2 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, así como facultar ao Sr. Alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do citado acordo.

VISTO que na data 23/11/2021, procedeuse á formalización do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Ribeira para a cesión a título gratuito dunha parcela e a construción nela dun centro de residencia de persoas maiores.

VISTO que na instrución do expediente recadouse a seguinte documentación:

- Nota Simple Informativa emitida na data 10/11/2021 polo Rexistro da Propiedade de Noia, na que consta que o inmovible está inscrito en concepto de patrimonial do Concello de Ribeira.
- Certificado emitido polo secretario xeral da Corporación na data 30/09/2021 de que o ben cuxa cesión se pretende está incluído no inventario de bens e dereitos, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data 26/02/2018 (e cuxa última rectificación foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data 22/02/2021), no seu Tomo I, ficha 11-197, coa cualificación de ben patrimonial ou de propios.
- Informe emitido na data 01/12/2021 polo Interventor municipal, Pablo Bao Castro, no que se dispón que: “Dos datos que figuran neste servizo non se deriva a existencia de débeda algunha pendente de liquidación ou ingreso con cargo ao orzamento municipal en relación a este inmovible.”
- Informe emitido na data 02/12/2021 polo arquitecto municipal, Martín Cerredá Álvarez, no que se dispón, en relación ao ben cuxa cesión de pretende, que non está comprendido en ningún plan ou programa do que teña coñecemento, e que non son necesarios para o Concello, nin é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos.

VISTO que así mesmo, e en cumprimento do artigo 110.1f) do Regulamento de Bens das Entidades Locais, o expediente foi sometido a información pública por un prazo de 15 días, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 231 de data 03/12/2021 e exposto no Taboleiro de Anuncios do Concello dende a data 03/12/2021 ata a súa retirada na data 03/01/2022. Así consta en certificación emitida pola Secretaría Xeral en funcións. Tamén consta certificación emitida na data 04/01/2022 pola Secretaría Xeral en



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C482E00D1K4S2U9S6J0 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220804910
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/01/2022	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/01/2022	Fecha: 11/01/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/01/2022 14:01:44		Hora: 14:01





funcións, na que se acredita que no período de presentación de reclamacións e suxerencias, non aparecen, no Rexistro Xeral desta Administración, reclamacións, observacións ou reparos.

VISTO que na data 04/01/2022, a secretaria xeral en funcións, María Steira Ríos, emite informe-proposta de resolución no que se dispón o seguinte: “**INFORME: PRIMEIRO.-** A lexislación aplicable á cesión gratuita dos bens inmobles patrimoniais ven determinada nos seguintes artigos: Artigo 276.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, que dispón: “Os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente a non ser a entidades ou institucións públicas e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como a institucións ou asociacións privadas de interese público sen ánimo de lucro.” Artigo 79.2 do Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, que dispón: “Os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente salvo a Entidades ou Institucións públicas e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como ás institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro.” Artigo 109.2 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño (no sucesivo RB), que dispón: “Os bens inmobles patrimoniais non poderán cederse gratuitamente senón a Entidades ou Institucións públicas para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como ás institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro. Destas cesións tamén se dará conta á autoridade competente da Comunidade Autónoma.” **SEGUNDO.-** O procedemento para a cesión gratuita dos bens patrimoniais regúlase no artigo 110 do RB, que, no seu apartado 1, dispón o seguinte: “1. En todo caso, a cesión gratuita dos bens requirirá acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, previa instrución do expediente con arranxo a estes requisitos:

a) Xustificación documental pola propia Entidade ou Institución solicitante do seu carácter público e Memoria demostrativa de que os fins que persegue redundarán de maneira evidente e positiva en beneficio dos habitantes do termo municipal; b) Certificación do Rexistro da Propiedade acreditativa de que os bens se atopan debidamente inscritos en concepto de patrimoniais da Entidade Local; c) Certificación do Secretario da Corporación na que conste que os bens figuran no inventario aprobado pola Corporación coa antedita cualificación xurídica; d) Informe do Interventor de fondos no que se probe non haber débeda pendente de liquidación con cargo ao presuposto municipal; e) Ditame subscrito por técnico que asevere que os bens non se atopan comprendidos en ningún plan de ordenación, reforma ou adaptación, non son necesarios para a Entidade Local nin é previsible que o sexan nos dez anos inmediatos; f) Información pública por prazo non inferior a quince días.” **TERCEIRO.-** O órgano competente é o Pleno e os acordos existen o quórum da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, conforme preceptúan os artigos 47.2 ñ) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e 110.1 do RB. **CUARTO.-** No caso que nos ocupa, cómpre referir o seguinte: 5.1. En relación ao o ben obxecto da cesión gratuita: é de propiedade municipal, está recollido no Inventario municipal coa cualificación xurídica de ben patrimonial ou de propios, e atópase inscrito no Rexistro da Propiedade de Noia en concepto de ben patrimonial do Concello de Ribeira. 5.2. En relación á natureza da entidade cesionaria: resulta evidente o carácter de entidade pública da mesma, xa que se trata da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, isto é da Administración autonómica, polo que se estaría a cumprir co disposto no artigo 109.2 do RB. 5.3. En relación ó fin que se persegue coa cesión do ben: no Convenio de colaboración subscrito pola Conselleira de Política Social e o Alcalde do Concello de Ribeira, faise constar que o fin que se persegue coa cesión do inmovible municipal, inflúe dunha maneira positiva e beneficiosa na veciñanza deste termo municipal, xa que o obxecto do mencionado convenio é construír e por en funcionamento un centro residencial para a atención a 100 persoas maiores dependentes no Concello de Ribeira, que cumpra cos requisitos arquitectónicos e funcionais do novo modelo de coidades de longa duración. 5.4. En relación ao procedemento de cesión do ben: neste expediente seguiu o procedemento regulado no artigo 110 do RB, recadándose toda a documentación que existe o referido artigo e cumprimentando o requisito da información pública. Polo exposto, e aínda que a Corporación co seu mellor criterio resolverá o procedente, estímase legalmente posible a cesión a título gratuito que se pretende, que deberá acordarse polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de concelleiros. Non se precisa autorización pero si dar conta ao órgano competente da Comunidade Autónoma, conforme ao disposto no artigo 109.2 do RB. Polo exposto, de conformidade co artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, emítese a seguinte **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN: PRIMEIRO.-** Ceder a título gratuito á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia o inmovible propiedade do Concello de Ribeira que se describe a continuación, co fin de construír nel unha residencia de persoas maiores: **Descrición:** “PRADO”, a prado, no lugar de “As Saiñas”, parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, da superficie de corenta e tres áreas cincuenta e seis centiáreas, que linda: Norte, estrada; Sur, muro e despois, herdeiros de Melchor; Este Juana Martínez; e Oeste, José Sampedro. Faise constar que non linda con bens de dominio público marítimo. **Título:** Adjudicación administrativa. Folle adjudicada ao Concello en virtude de mandamento administrativo expedido o día 13/09/2013 pola Axencia Estatal da Administración Tributaria. **Inscrición:** Rexistro da Propiedade de Noia ao folio 206 do tomo 714 do arquivo, libro 176 de Ribeira, finca número 14.666. **Referencia catastral:** 15074A007001280000KI. **Cargas e arrendamentos:** Libre. A citada cesión realízase en cumprimento e baixo as cláusulas do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Ribeira asinado na data 23/11/2021. **SEGUNDO.-** Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en Dereito sexa posible e necesario para formalizar a cesión gratuita do terreo mencionado, tanto en escritura pública como en documento administrativo de ser o caso. **TERCEIRO.-** Dar conta da cesión ao órgano competente da Comunidade Autónoma conforme ao artigo 109.2 do RB.”

Por medio da presente propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:





PRIMEIRO.- Ceder a título gratuito á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia o inmovible propiedade do Concello de Ribeira que se describe a continuación, co fin de construír nel unha residencia de persoas maiores:

Descrición: "PRADO", a prado, no lugar de "As Saiñas", parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, da superficie de corenta e tres áreas cincuenta e seis centiáreas, que linda: Norte, estrada; Sur, muro e despois, herdeiros de Melchor; Este Juana Martínez; e Oeste, José Sampetro. Faise constar que non linda con bens de dominio público marítimo.

Título: Adjudicación administrativa. Foille adjudicada ao Concello en virtude de mandamento administrativo expedido o día 13/09/2013 pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Inscripción: Rexistro da Propiedade de Noia ao folio 206 do tomo 714 do arquivo, libro 176 de Ribeira, finca número 14.666.

Referencia catastral: 15074A007001280000KI. *Cargas e arrendamentos:* Libre.

A citada cesión realízase en cumprimento e baixo as cláusulas do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Ribeira asinado na data 23/11/2021.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en Dereito sexa posible e necesario para formalizar a cesión gratuita do terreo mencionado, tanto en escritura pública como en documento administrativo de ser o caso.

TERCEIRO.- Dar conta da cesión ao órgano competente da Comunidade Autónoma conforme ao artigo 109.2 do RB.

Ribeira, na data da sinatura dixital. O alcalde-presidente
Asdo. Manuel Ruiz Rivas"

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposta da Alcaldía, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria a proposta da Alcaldía transcrita de data 4 de xaneiro de 2022, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (9PP, 6 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros presentes **aproba** a proposta da Alcaldía sobre **EXPEDIENTE DE CESIÓN A XUNTA DE GALICIA (CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL) TÍTULO GRATUITO DO INMOBLE CON REFERENCIA CATASTRAL N°15074A007001280000KI, SITUADO NO LUGAR DE SAIÑAS E IDENTIFICADO COMO PARCELA 128 DO POLIGONO 7 CO OXECTO DE CONSTRUIR UNHA RESIDENCIA DE MAIORES**, e en consecuencia aproba:

PRIMEIRO.- Ceder a título gratuito á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia o inmovible propiedade do Concello de Ribeira que se describe a continuación, co fin de construír nel unha residencia de persoas maiores:





Descrición: "PRADO", a prado, no lugar de "As Saiñas", parroquia de Palmeira, municipio de Ribeira, da superficie de corenta e tres áreas cincuenta e seis centiáreas, que linda: Norte, estrada; Sur, muro e despois, herdeiros de Melchor; Este Juana Martínez; e Oeste, José Sampedro. Faise constar que non linda con bens de dominio público marítimo.

Título: Adjudicación administrativa. Foille adjudicada ao Concello en virtude de mandamento administrativo expedido o día 13/09/2013 pola Axencia Estatal da Administración Tributaria.

Inscripción: Rexistro da Propiedade de Noia ao folio 206 do tomo 714 do arquivo, libro 176 de Ribeira, finca número 14.666.

Referencia catastral: 15074A007001280000KI. *Cargas e arrendamentos:* Libre.

A citada cesión realizase en cumprimento e baixo as cláusulas do Convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e o Concello de Ribeira asinado na data 23/11/2021.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde tan amplamente como en Dereito sexa posible e necesario para formalizar a cesión gratuita do terreo mencionado, tanto en escritura pública como en documento administrativo de ser o caso.

TERCEIRO.- Dar conta da cesión ao órgano competente da Comunidade Autónoma conforme ao artigo 109.2 do RB.

5.-PROPOSICIÓN GM PBBI PRESENTADA POR D. VICENTE MARIÑO DE BRICIO SOBRE APOIO Á PESCA DEPORTIVA.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 19 de outubro de 2021, sobre a base dunha proposición do **GM** do **PBBI**, presentada por **D. Vicente Mariño de Bricio** con data de 11 de outubro de 2021 (rex de entrada nº 18292) do seguinte tenor literal:

"Exposición de motivos:

Como todos los presentes saben y conocen desde siempre en todos nuestros puertos rampas y demás lugares con acceso fácil ha sido y es frecuentado por numerosas personas que ejercen la pesca deportiva.

El partido barbanza Independiente **PBBI** se hace eco del malestar sobre todo de nuestros mayores puesto que muchos de ellos ejercen también esta modalidad de pesca deportiva.

El partido barbanza Independiente, **PBBI**, no tiene ningún conocimiento que se señale a algún jubilado como autor de algún daño en los enseres portuarios, por lo tanto, entendemos que no habiendo daño ni el menor indicio de poder hacerlo no existe ningún riesgo.

Desde el partido barbanza **PBBI** entendemos y así solicitamos a los grupos de esta corporación que la norma dictada por Portos de Galicia requiere un cambio total puesto que no se puede exigir a nuestros mayores una serie de gastos más.

En todos nuestros puertos y dársenas siempre han estado sin problema alguno la pesca deportiva y la actividad pesquera, por supuesto entendemos que hay zonas de carga y descarga que deben estar libres, pero lo que se pretende prohibir denota un trato vejatorio por parte de Portos a los viejos pescadores de caña.

Quisiera recordar que la normativa vigente establece aproximadamente alrededor de 5 kg/pescador/ día, y entendemos que ya a mas de uno le gustaría haberlos pescado.

Desde el Partido Barbanza Independiente **PBBI** ante este atropello que está haciendo Portos de Galicia y en consecuencia la Consellería de Pesca pedimos que a nuestros pescadores jubilados se les deba un respeto y consideración, después de en muchos casos casi 50 años de esfuerzo diario para su familia.





Desde el **PBBI**, queremos recordar que las conductas políticas, de algunos ya le han llevado a soportar quiebra de bancos, preferentes etc.

Entendemos que ejercer algún tipo de actuación contra los jubilados que se acercan a nuestros muelles o rampas, implica una prepotencia que no debe ser propia de la administración, aunque de todos es sabido que prepotencia hay mucha en diferentes ámbitos.

Solicitamos para aprobación en pleno los siguientes acuerdos:

- 1- Modificación de la resolución de la Xunta de Galicia del 26/7/2.21, que levanta la prohibición recogida en la ley 6/2017 del 12 de diciembre y en cuyo anexo III, se clasifica el Puerto de Ribeira como uso no permitido.
- 2- Eliminar la obligatoriedad de la declaración responsable para los jubilados.
- 3- Eliminar pólizas de seguro para los jubilados.
- 4- Dejar clasificadas como libres las zonas en las que siempre se ha pescado y que nunca han perjudicado las labores portuarias”.

Asemade dase conta dunha **emenda** de **modificación** presentada polo **GM** do **PP** e no seu nome por **Dna. María José Sampedro Fernández** do seguinte tenor literal

“1.-Demandar a modificación da resolución de Portos de Galicia do 26/07/2021, que levanta a prohibición recollida na lei 6/2017 do 12 de decembro, e analizar, de forma rigorosa e conforme a criterios de seguridade e posibilidade de non interacción negativa con outras actividades, a posible inclusión de novas zonas dos portos do termo municipal de Ribeira nas que se autoriza a pesca recreativa.

2.- Facultar ao Sr Alcalde a continuar as negociacións xa emprendidas con Portos de Galicia e os representantes dos pescadores deportivos do municipio”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **PBBI**, así como da **emenda de modificación** do **GM** do **PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **archivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómetese a votación ordinaria en primeiro lugar **a emenda de modificación do GM do PP**, en cumprimento do artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 12 (9PP, 2 Ps de G-Psoe, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 8 (6 PBBI, 2 BNG)

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba a emenda de modificación do GM do PP** sobre proposición do **GM** do **PBBI** sobre **APOIO Á PESCA DEPORTIVA**, ditaminada pola Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, e en consecuencia aproba:

“**Primeiro**.-Demandar a modificación da resolución de Portos de Galicia do 26/07/2021, que levanta a prohibición recollida na lei 6/2017 do 12 de decembro, e analizar, de forma rigorosa e conforme a criterios de seguridade e posibilidade de non interacción negativa con outras actividades, a posible inclusión de novas zonas dos portos do termo municipal de Ribeira nas que se autoriza a pesca recreativa.





Segundo.- *Facultar ao Sr Alcalde a continuar as negociacións xa emprendidas con Portos de Galicia e os representantes dos pescadores deportivos do municipio”.*

6.- PROPOSICIÓN GM MIXTO SUMA-RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE CREACIÓN DUNHA MESA MUNICIPAL DO TRANSPORTE PÚBLICO.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 19 de outubro de 2021, sobre a base dunha proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira**, presentada por **D.Xurxo Ferrón Vidán** con data de 11 de outubro de 2021 (rex de entrada nº 18355) do seguinte tenor literal:

“CREACIÓN DUNHA MESA MUNICIPAL DO TRANSPORTE PÚBLICO

Avanzando o século XXI preséntasenos como evidencia a necesidade urxente de avanzar colectivamente na redución da contaminación ambiental. Os concellos, loxicamente, deben sentirse implicados nesta tarefa complexa e global de coidado do planeta, e como institucións responsables e máis achegadas ás cidadás, non deben escatimar esforzos á hora de exemplificar o seu compromiso coa redución da contaminación e a concienciación dos seus veciños con este compromiso. Ademais as cidades e vilas tenden a ser cada vez espazos públicos máis amables tendéndose a diminuír os vehículos privados e darlle un maior protagonismo aos peóns. Pensamos que á hora de deixarmos interpelar a nivel municipal pola mellora medioambiental e unha maior calidade de vida da cidadanía xurde como un elemento preferente o transporte público.

Son moitas as beneficiosas repercusións dun transporte público de calidade, entre elas, e sen aspirar a establecer xerarquías podemos citar:

- *O fomento da equidade social, contribuíndo á diminución da exclusión social.*
- *Potenciación do equilibrio territorial, facilitando a comunicación ás zonas con menor densidade de poboación.*
- *Favorece a autonomía das persoas con problemas de mobilidade.*
- *Redución da conxestión na circulación de vehículos e do número de accidentes de tráfico.*
- *Redución da contaminación ambiental, e implicación persoal na colaboración coa mesma.*
- *Posibilita a redución do tráfico nos centros das vilas e facilita a creación de zonas de preferencia peonil.*

Son moitos tamén os elementos a considerar nun transporte público de calidade. Frecuencia de horarios, información sobre os mesmos, puntualidade, accesibilidade, comodidade, antigüidade da flota de autobuses, combustibles utilizados,....

Ven sendo un problema crónico no noso concello, certo que non só do noso concello, a falla dun transporte público que cumpra cuns necesarios estándares de calidade. Ultimamente medran as queixas e críticas, que consideramos xustificadas, sobre a prestación deste servizo público. Somos conscientes de que estamos falando dun tema sensible, e de que a preocupación pola necesaria mellora do noso transporte público é compartida por esta corporación, á que xa foron traídas varias iniciativas ao respecto.

En SUMA RIBEIRA entendemos que este importante e complexo tema require dun coñecemento exhaustivo da situación actual con un análise das necesidades reais da poboación, e da participación de todos os partidos políticos e forzas sociais para deseñar unha planificación realista e eficaz do que a curto, medio e longo prazo debe ser o transporte público de todas.

E polo exposto, pensando que a problemática descrita non ten solucións máxicas nin sinxelas, que propoñemos, con criterio aberto a achegas, a adopción dos seguintes ACORDOS:

Que se constituía unha Mesa Municipal do Transporte Público, aberta á participación de todos os partidos políticos e forzas sociais.

Que se lle dote dos medios necesarios para a elaboración dunha análise exhaustiva sobre a situación actual do transporte público municipal e intermunicipal.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220804910
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 11/01/2022	Fecha: 11/01/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 11/01/2022	Hora: 14:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/01/2022 14:01:44		





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Que se elabore un proxecto a curto, medio e longo prazo, que estableza o itinerario a seguir na procura dun transporte público de calidade que dea resposta eficaz ás necesidades reais da nosa poboación, e contribúa á redución da contaminación e á concienciación e sensibilidade medioambiental das nosas veciñas e veciños.

Asemade dase conta dunha **emenda de modificación** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por **Dna. María José Sampedro Fernández** do seguinte tenor literal

- 1.- *Facultar ao Alcalde para seguir negociando coa empresa concesionaria do transporte público e coa Dirección Xeral de Mobilidade a resolución dos problemas existentes no transporte público municipal.*
- 2.- *Que en ditas negociacións se teña en conta o parecer dos grupos políticos municipais, expresado ben na Comisión Informativa de Tráfico ou ben na Mesa de Peonalización.*

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** así como da **emenda de modificación do GM do PP**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en primeiro lugar a **emenda de modificación do GM do PP**, en cumprimento do artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 11 (1 Mixto-Suma Ribeira, 6 PBBI, 2 Ps de G, 2 BNG)

-ABSTENCIÓNS: 0

Rexeitada a emenda, sómese a continuación a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (1 Mixto-Suma Ribeira, 6 PBBI, 2 Ps de G, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 9 PP

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aprobala** proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** sobre **CREACIÓN DUNHA MESA MUNICIPAL DO TRANSPORTE PÚBLICO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Movilidade e Seguridade Cidadana, e en consecuencia aproba:

Primeiro: *-Que se constituía unha Mesa Municipal do Transporte Público, aberta á participación de todos os partidos políticos e forzas sociais.*

Segundo: *-Que se lle dote dos medios necesarios para a elaboración dunha análise exhaustiva sobre a situación actual do transporte público municipal e intermunicipal.*

Terceiro: *-Que se elabore un proxecto a curto, medio e longo prazo, que estableza o itinerario a seguir na procura dun transporte público de calidade que dea resposta eficaz ás necesidades reais da nosa*





poboación, e contribúa á redución da contaminación e á concienciación e sensibilidade medioambiental das nosas veciñas e veciños.

7.- PROPOSICIÓN GM DO PS DE G-PSOE PRESENTADA POR D. JOSÉ MANUEL SUÁREZ-PUERTA SIRGADO SOBRE MELLORAS NAS PISTAS POLIDEPORTIVAS E O PARQUE INFANTIL DE DEAN.

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 21 de setembro de 2021, sobre a base dunha proposición do **GM do PS de G-PSOE**, presentada por **D. José Manuel Suárez-Puerta Sirgado** con data de 12 de outubro de 2021 (rex de entrada nº 18363) do seguinte tenor literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Las pistas Polideportivas y el Parque Infantil de Dean, situadas en un entorno de considerable belleza, constituyen la única zona deportiva y de esparcimiento infantil de un barrio tan extenso y poblado.

Desde su inauguración hasta ahora se ha procedido a cambiar los elementos de juego del parque infantil, pero la estructura de la pista polideportiva y sus elementos presentan un estado de deterioro y abandono que hacen, no ya complicado, sino incluso peligroso su utilización y disfrute.

Las alambradas que constituyen el cierre perimetral de la pista se encuentran sueltas y en algunos lugares rotas, con el peligro de engancharse con ellas y resultar herido que ello supone.

Los postes del cierre perimetral se encuentran vencidos, con la pintura desconchada y oxidados sueltos en su base, con riesgo de desplome y sujetos solamente por la alamburada del cierre perimetral.

Las porterías se encuentran sueltas, sin anclar al suelo, con lo que la posibilidad de caída sobre un menor es un peligro evidente, con la posibilidad de que un hecho como ese finalice en tragedia, como ha ocurrido en otros lugares.

En base a todo lo expuesto, el Grupo Municipal Socialista realiza la siguiente,

PROPOSICION:

1.- Que se realice la completa sustitución del cierre perimetral de la pista polideportiva, realizándose esta con materiales que resulten mas acordes con los tiempos actuales y que proporcionen al entorno un aspecto más agradable.

2.- Que se proceda a la fijación de los elementos de la pista polideportiva (Porterías) de manera que dejen de constituir un peligro potencial, así como al repintado de la pista incluyendo en este la zona dedicada al baloncesto.

3.- Que se proceda a humanizar y recuperar el entorno de la fuente, que en estos momentos presenta un estado de dejadez y abandono que la convierte en prácticamente inutilizable, siendo, como es, un espacio natural que podrían utilizar los vecinos y visitantes.



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220804910
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/01/2022	MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/01/2022	Fecha: 11/01/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/01/2022 14:01:44		Hora: 14:01





Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de outubro de 2021, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 20 (9PP, 6 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)





-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIONES: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por unanimidade dos seus membros presentes **aprobala** proposición do **GM** do **Ps de G-Psoe** sobre **MELLORAS NAS PISTAS POLIDEPORTIVAS E O PARQUE INFANTIL DE DEAN**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente, e en consecuencia aproba:

Primeiro:- *Que se realice la completa sustitución del cierre perimetral de la pista polideportiva, realizándose esta con materiales que resulten mas acordes con los tiempos actuales y que proporcionen al entorno un aspecto más agradable.*

Segundo:- *Que se proceda a la fijación de los elementos de la pista polideportiva (Porterías) de manera que dejen de constituir un peligro potencial, así como al repintado de la pista incluyendo en este la zona dedicada al baloncesto.*

Terceiro:-*Que se proceda a humanizar y recuperar el entorno de la fuente, que en estos momentos presenta un estado de dejadez y abandono que la convierte en prácticamente inutilizable, siendo, como es, un espacio natural que podrían utilizar los vecinos y visitantes.*

(nestes intres, sendo as 22.15 h, ao abeiro do artigo 113.6 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira acórdase unha pausa para descanso por un período de trinta minutos, reanudándose o pleno, en consecuencia, ás 22.45 h)

8.-PROPOSICIÓN GM PBBI PRESENTADA POR D. MIGUEL ANGEL VÁZQUEZ SALGUEIRO SOBRE REALIZACIÓN DUN PLAN DE SEGURIDADE CIDADÁ

Dase conta ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestruturas, Benestar Social e Medio Ambiente de data 19 de outubro de 2021, sobre a base dunha proposición do **GM** do **PBBI**, presentada por **D. Miguel Ángel Vázquez Salgueiro** con data de 13 de outubro de 2021 (rex de entrada nº 18416) do seguinte tenor literal:

“Exposición de motivos

Santa Uxía de Ribeira, sempre foi un concello familiar, donde calqueira neno ou persoa maior podería camiñar sen ningún problema fose a rua que fose. A pesar diso, é evidente que o problema co mundo das drogas, fixo do noso concello un lugar, desgraciadamente, referente neste ámbito, sendo esto un reflexo da Galicia costeira dos anos 80 en xeral.

Non hai máis que pasearse polas nosas ruas do noso concello, e ver xente que nos mostra o duro desas xeracións así como centos de familias afectadas desgraciadamente, por esas oleadas de consumo de drogas e malos hábitos.

Na actualidade, a inseguridad cidadá estase incrementando, e señores esto é unha baixada á realidade para todos os que aquí estamos. Levamos estos mesmos grupos, salvo algún cambio de concelleiros mais de 2 anos, e sin desmerecer as mocions presentadas por todos os grupos, está moi ben o incremento de zonas verdes, esta moi ben a limpeza de beiraruas ou o amaño de calzadas... pero recordolles que todo isto pasa a un segundo plano, en canto lle pregunten os cidadáns de Ribeira, se preferen vivir nun concello seguro ou non.

Sabemos que por unha banda o concello dende logo materia lexislativa non ten, pero quizás podemos incrementar o personal tal e como se solicitou no presupostos municipais, ou a creación de maneira urxente dun plan de seguridade cidadá. Isto ten unha importancia especial e hai que darlle a prioridade que así o merece pois, todos temos familiares que poden ser susceptibles de sufrir roubos, ataques ou que poida perigar a súa integridade física, ou mesmo por todos nos.

Deixamos uns recortes dende esa fecha, algúns que están en calquera periódico de tirada local dos últimos 6 meses:

RIBEIRA





Los tres jóvenes detenidos por una pelea en Ribeira quedan en libertad tras pagar la fianza

Drogas, peleas y robos en Ribeira: «Ahora vivimos en un barrio sin ley»

RIBEIRA

Hospitalizado con la nariz rota un joven de 19 años tras recibir una brutal paliza en Ribeira

La patronal de Ribeira reclama la ampliación de la plantilla de agentes de la Policía Nacional

Los okupas de Ribeira se rebelan y amenazan: «No pasar sin orden judicial»

RIBEIRA

La jueza envía a prisión a dos de los detenidos en la operación contra el tráfico de drogas en Ribeira

Desmantelados tres puntos de venta de droga en Rianxo y Ribeira en una operación con siete detenidos

Siete detenidos por supuesto tráfico de drogas en Ribeira, Rianzo y Arousa

RIBEIRA

En los narcopisos de Ribeira que registró la Policía Nacional se vendía droga a todas horas del día

Todos os titulares que teñen anteriormente, son dende Xuño en adiante, e son solo unha mostra, pois aquí a cuestión non é xerar alarma, pero tampouco se pode permitir que miremos para outro lado.

Este é un asunto capital que entre todos os que aquí nos encontramos debemos tomar medidas, pois é o noso deber tratar de revertir esta situación, pode ser un aumento puntual deste tipo de acontecementos, pero o que hai que facer e non evitar falar deles, pois non enfrentandonos de fronte, e tratando de buscarlle solución, os que o están a sufrir son os nosos veciños e veciñas que depositaron a súa confianza en todos nos, e agora nos, somos quen debemos de solucionar un grave problema do noso concello.

A sabendas de que o concello dispón de medidas moi limitadas, pois deberíamos de comezar a dispoñelas na súa máxima capacidade para así poder atallar o problema.

Con todo o exposto, o Partido Barbanza Independiente (PBBI) solicita ó goberno de Ribeira os seguintes acordos:

1. Realización dun plan de seguridade cidadá en consenso, entre os corpos e forzas do estado, dotandoos dos medios e recursos, así como as accións que sexan necesarias.

Asemade dase conta dunha [emenda de adición](#) presentada polo **GM** do **BNG** e no seu nome por **D. Luis Pérez Barral** do seguinte tenor literal:

“Ribeira nos últimos meses leva experimentado un aumento do número actuacións que poñen en risco a seguridade e a tranquilidade da veciñanza tales como tráfico de drogas, pelexas, actos vandálicos, danos en bens públicos e privados, e un longo etc.

Desde o Bloque Nacionalista Galego mostramos a nosa preocupación por estas accións e cremos necesario aumentar a coordinación das diferentes forzas e corpos de seguridade pero tamén un aumento significativo de efectivos. Neste sentido, a emenda á totalidade do Orzamento 2021 do Concello de Ribeira contemplaba a contratación dun mínimo de 10 policías locais cos que achegarse á proporción que marca a lexislación. Lamentablemente esta proposta foi rexeitada por PP e PSOE.

O artigo 150.2 da vixente Constitución posibilita que o Estado transfira ou delegue nas Comunidades Autónomas facultades correspondentes a materias de titularidade estatal que sexan, pola súa propia natureza, susceptibles de transferencia ou delegación. O Estatuto de Autonomía de Galiza, pola súa banda, prevé esta posibilidade no seu artigo 36.1, outorgándolle ao Parlamento, no seu artigo 36.2, a competencia para formular estas solicitudes e



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220804910
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 11/01/2022	Fecha: 11/01/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 11/01/2022	Hora: 14:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/01/2022 14:01:44		





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

determinar o organismo da Comunidade Autónoma ao que se lle atribúa a competencia transferida ou delegada. O Estatuto de Autonomía de Galiza atribúelle ás institucións galegas a competencia para a creación dunha Policía Autonómica, competencia que foi actuada e desenvolvida coa creación da Policía de Galiza a medio da Lei 8/2007, do 13 de xuño. Xa que logo, contamos xa co instrumento preciso para poder desenvolver con garantía as competencias que se transfiren ao abeiro desta lei orgánica.

Desde o BNG reiteramos a nosa aposta por un modelo de policía galega integral, que teña como prioridades superar en eficacia o actual, evitando a descoordinación e falta de planificación conxunta que estamos a padecer, que permita contribuir a termos unha distribución máis racional dos seus efectivos ao longo de todo o territorio galego. Para lograr estes obxectivos, o BNG considera que habería que desenvolver as previsións da actual Lei de Policía de Galiza incluíndo a creación dun Corpo de Policía previsto na Lei, procedendo á incorporación de todos os efectivos da Unidade de Policía Nacional actualmente adscrita. Ao tempo, debería dotarse as prazas necesarias para cubrir as necesidades de Policía Administrativa e de seguranza pública.

Por todo iso, propoñemos incluír na proposición a seguinte emenda de adición:

2. Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado español a desenvolver as accións precisas para desprezar unha policía galega integral ao longo do país que asuma a maioría das funcións dos actuais corpos e forzas de seguranza do Estado en Galiza.

Asemade dase conta dunha **emenda de modificación** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por **Dna. María José Sampedro Fernández** do seguinte tenor literal

- 1.- Acelerar o proceso de contratación dos seis novos membros da Policía Local de Ribeira
- 2.- Esgotar o máximo reforzo que permite a lei na contratación de auxiliares de policía.
- 3.- Incrementar os medios materiais da Policía Local
- 4.- Poñer a disposición das forzas de seguridade do Estado e nomeadamente da Policía Nacional a máxima colaboración técnica e persoal da Policía Local de Ribeira para acadar un desenvolvemento óptimo do seu traballo”.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM do PBBI**, así como da **emenda de adición** do **GM do BNG**, e da **emenda de modificación** do **GM do PP** rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese a votación ordinaria en **primeiro lugar a emenda de adición do GM do BNG**, en cumprimento do artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 2 BNG

-VOTOS EN CONTRA: 9 PP

-ABSTENCIÓNS: 9 (6 PBBI, 2 PS DE G-PSOE, 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA)

Rexeitada a emenda de adición do GM do BNG, sómese a continuación a votación ordinaria en a **emenda de modificación do GM do PP**, en cumprimento do artigo 116 do Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Ribeira, co seguinte resultado





-VOTOS A FAVOR: 17 (9PP, 6 PBBI, 2 Ps de G-Psoe)

-VOTOS EN CONTRA: 2 BNG

-ABSTENCIÓNS: 1 MIXTO-SUMA RIBEIRA

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba emenda de modificación do GM do PP** sobre proposición do **GM** do **PBBI** sobre **REALIZACIÓN DUN PLAN DE SEGURIDADE CIDADÁ**, ditaminada pola Comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, Benestar Social e Medio Ambiente, e en consecuencia aproba:

Primeiro:-Acelerar o proceso de contratación dos seis novos membros da Policía Local de Ribeira

Segundo:-Esgotar o máximo reforzo que permite a lei na contratación de auxiliares de policía.

Terceiro:-Incrementar os medios materiais da Policía Local

Cuarto:-Poñer a disposición das forzas de seguridade do Estado e nomeadamente da Policía Nacional a máxima colaboración técnica e persoal da Policía Local de Ribeira para acadar un desenvolvemento óptimo do seu traballo”.

9.-PROPOSICIÓN GM BNG PRESENTADA POR D. LUIS ANTONIO PÉREZ BARRAL SOBRE NECESIDADE DE AUMENTAR OS CONTIDOS EN GALEGO NAS PLATAFORMAS AUDIOVISUAIS

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditama da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 24 de novembro de 2021 sobre proposición presentada polo **GM** do **BNG** e no seu nome **D. Luis Antonio Pérez Barral** de data 28 de outubro de 2021 (rex de entrada n1 19403) do seguinte tenor literal:

“As plataformas de emisións de contidos audiovisuais como Netflix, HBO, Prime Vídeo ou Movistar,ou incluso as canles xerais con concesións públicas de televisión, emiten os seus contidos só en castelán sen nin tan sequera contaren coa opción dobrada ou subtitulada en galego que si ofertan para outras moitas linguas.

Esta ausencia, case total da lingua galega, dáse tamén en cadeas públicas como TVE malia recibiren diñeiro público –e por tanto tamén diñeiro de todos os galegos e galegas-. Esta canle pública de televisión tan só emite en galego 39 minutos dun total de 120 horas diarias.

Até o momento a lexislación xeral audiovisual só estableceu porcentaxes obrigatorios de contidos mínimos e financiamento en castelán, o que na práctica limita o acceso a contidos en galego, impide que a infancia, a mocidade e o conxunto do público gocen dunha oferta máis ampla de series e filmes en galego e sitúa en inferioridade de condicións de financiamento ao sector audiovisual galego. Porén, esta situación pode mudar na nova Lei xeral de comunicación audiovisual.

O dito proxecto de lei recolle que 30% das obras do catálogo das plataformas de contidos deber estar dedicado a obras europeas e que dentro dese 30%, polo menos un 50% destas será reservado para producións en castelán ou nalgunha das outras linguas do Estado.

Dun xeito semellante, o problema esténdese tamén ao debate do financiamento, na medida en que no anteproxecto de lei indícase que os provedores do servizo de comunicación audiovisual televisivo con ingresos superiores a 50 millóns de euros deberán financiar obras europeas con 5% dese diñeiro, dos que un mínimo de





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

70% deberá ir dirixida a obras de produtores independentes en lingua española ou nalgunha das linguas oficiais das comunidades autónomas. De novo a falta de concreción xoga a favor do español -que acapará a inmensa maioría das axudas- en detrimento das producións en galego ou noutras linguas oficiais.

Porén, en maio de 2021 o Parlamento de Galiza aprobaba por unanimidade a Iniciativa Popular Xabarín impulsada pola Mesa pola Normalización Lingüística e avalada por máis de 33.000 sinaturas, xa contemplaba algunhas medidas para corrixir esta situación solicitando accións para:

- Que a nova Lei xeral do audiovisual reconeza a pluralidade lingüística como principio básico, igualando contidos e porcentaxes mínimas en galego e castelán na dobraxe, lexendaxe e audiodescricións, así como no financiamento anticipado de producións audiovisuais nas canles e plataformas de televisión lineais ou baixo demanda.
- Reclamar da Corporación de Radio Televisión Española que emita todos os seus contidos con opción dobrada ao galego nomeadamente na programación da canle específica infantil e xuvenil e nos contidos da súa App.

A situación de perda de galegofalantes que se dá en Galiza non é froito da casualidade senón que responde a unha multiplicidade de causas que requiren a adopción de medidas en todas as administracións públicas.

O Concello de Ribeira debe mostrar o compromiso público que ten coa lingua propia de Galiza garantindo o seu uso e presenza en todas as accións que se desenvolven desde a Administración local pero tamén sería unha acción positiva apoiar aquelas iniciativas que tratan de promover a lingua galega en todos os ámbitos.

Por todo iso propoñemos que a Corporación Municipal de Ribeira adopte os seguintes acordos:

- O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira acorda adherirse á Iniciativa Xabarín do Parlamento de Galiza (PNP-001472) publicada no BOP nº 126, de 21/04/21.
- O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galiza a desenvolver accións que permitan aumentar os contidos audiovisuais en lingua galega, especialmente os dedicados á infancia e á mocidade.
- O Concello de Ribeira notificaralle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, á Dirección Xeral de RTVE e á Mesa pola Normalización Lingüística.

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM do BNG**, rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorpórase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, *previa aceptación polo Sr. Pérez Barral da retificación no senso de facer referencia ó texto definitivo acordado polo Parlamento de Galicia publicado no BOP nº142 de 21 de maio de 2021*, sómese a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 24 de novembro de 2021, co seguinte resultado:



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220804910
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 11/01/2022	Fecha: 11/01/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 11/01/2022	Hora: 14:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES	- 11/01/2022 14:01:44	





-VOTOS A FAVOR: 20 (9PP, 6 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG, 1 Mixto-Suma Ribeira)

-VOTOS EN CONTRA: 0

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **unanimidade** dos seus membros presentes **aproba** a proposición do **GM** do **BNG** sobre **NECESIDADE DE AUMENTAR OS CONTIDOS EN GALEGO NAS PLATAFORMAS AUDIOVISUAIS**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, e en consecuencia aproba:

“Primeiro:-O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira acorda adherirse á *Iniciativa Xabarin do Parlamento de Galiza (PNP-001472)* e según texto definitivo acordado polo Parlamento de Galiza publicado no BOP nº 142, de 21/05/21.

Segundo:-O Pleno da Corporación Municipal de Ribeira insta á Xunta de Galiza a desenvolver accións que permitan aumentar os contidos audiovisuais en lingua galega, especialmente os dedicados á infancia e á mocidade.

Terceiro:-O Concello de Ribeira notificaralle este acordo á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Axenda Dixital da Vicepresidencia de Asuntos Económicos, á Dirección Xeral de RTVE e á Mesa pola Normalización Lingüística”.

10.-PROPOSICIÓN GM MIXTO-SUMA RIBEIRA PRESENTADA POR D. XURXO FERRÓN VIDÁN SOBRE GRAFISMOS OFICIAIS A UTILIZAR CO TOPÓNIMO RIBEIRA E DEMÁIS SIMBOLOXÍA DO CONCELLO.

Dase conta e lectura ao Pleno da Corporación dun ditame da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 24 de novembro de 2021 sobre a base dunha proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** presentada por **D. Xurxo Ferrón Vidán** con data 8 de novembro de 2021, rex de entrada nº 20039 e que é do seguinte sentido literal:

“GRAFISMOS OFICIAIS A UTILIZAR CO TOPÓNIMO “RIBEIRA” E DEMAIS SIMBOLOXÍA DO CONCELLO

Durante moitos anos foron abundosas as discrepancias sobre se o topónimo do noso concello debía escribirse con “B” ou con “V”. Os acontecementos, para moitas previstos, viñeron a confirmar que o artificial “conflito lingüístico” tiña moito baseamento nas emocións e no menosprezo do saber científico.

Longos e, ás veces, apaixonados debates plenarios. Deses temas que a quen lle son incómodos os tende a avaliar como “asuntos que non interesan ás cidadás” e que é superfluo o tempo que se lles dedica porque “aquí estamos para resolver os problemas que realmente preocupan ás veciñas”.

Animado, segundo a opinión de SumaRibeira, polo feito de que non tardarían en pronunciarse as institucións e administracións competentes sobre a obrigatoriedade do uso de RIBEIRA como único topónimo recoñecido científica e legalmente, o alcalde, facendo uso das amplas atribucións que lle outorga, a máis de outras, a “Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local” (ao noso entender mellorable en termos democráticos), decide “investir” diñeiro municipal na elaboración dun estudo pola Real Academia Galega. Feito este, o alcalde organiza un acto solemne o tres de marzo de 2020, que a quen subscribe lle pareceu de interese, tendo como resultado, oh sorpresa¡¡, que o único topónimo, en base a estudos realizados ao longo da historia segundo criterios de consenso na filoloxía, é RIBEIRA.

No citado acto, como quen non quere a cousa, decídese situar na mesa unha maqueta na que non pon RIBEIRA, senón RI#EIRA, descúlpese o “#” pero na aplicación usada miña computadora non atopo grafismo que imite ese debuxo que permite non usar o be pero que tampouco pode dicirse que use o uve. Aspecto legal solucionado e os



FIRMANTE - FECHA
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 11/01/2022 MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 11/01/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 11/01/2022 14:01:44

DOCUMENTO: 20220804910 Fecha: 11/01/2022 Hora: 14:01
--





meus “vistas” contentos, poderíamos interpretar que pensaron as que este curvilíneo percorrido deseñaron. Dende entón, progresivamente, tivemos que contemplar como se estaba investindo diñeiro e horas de traballo na opción unilateral de espallar polo concello e medios de comunicación o grafismo “RI#EIRA”. En SumaRibeira non acertamos a relacionar esta actuación co que escoitamos con asiduidade por parte do goberno municipal referente á continua chamada ao consenso entre todos os grupos da corporación.

- Que acontecerá o día que por avatares democráticos, semella que contemplados por moi improbables por algúns pero, non se enganen, é posible, saia elixida unha alcaldesa ou alcalde cun equipo de goberno en desacordo coa simboloxía citada, e maneira de proceder seguida, para “institucionalizar” o grafismo RI#EIRA?.
- Que custe económico para o concello tería nese caso a decisión tomada por “consenso” entre o alcalde e o equipo de goberno?
- Que custe en impacto publicitario podería ter reimplantar un novo deseño para o noso topónimo?

En SumaRibeira, por se non se deducise do que levamos dito, non nos gustou nin nos gusta o procedemento de disensión seguido para establecer polo goberno municipal o grafismo “RI#EIRA”. Tampouco, é obvio, nos gusta o relambido grafismo que substitúe á be.

Finalmente, e sen que fose necesario nin determinante á hora de fixar a nosa posición sobre este tema, ao entender de SumaRibeira o grafismo cuestionado como “be” garda impropia semellanza co que figura no logo do Partido Popular Europeo (achégase copia).

Consideramos necesario que, previo á votación, sexa informada esta corporación sobre os condicionantes e posibilidades legais do procedemento a seguir para á aprobación institucional da simboloxía propia do concello.

É polo exposto e outras razóns que propoñemos ao pleno a adopción dos seguintes acordos

1. Que se realicen as actuacións suficientes e necesarias na procura do meirande consenso na elección e difusión dos símbolos gráficos de concello, e, nomeadamente, do noso topónimo.
2. Que no prazo máximo de tres meses sexa presentada ao pleno unha moción na que se decida a simboloxía a seguir referente ao topónimo Ribeira en todo tipo de actuación do concello, incluíndo á corporación municipal, equipo de goberno e alcalde.
3. En tanto a citada moción non sexa debatida e votada, instar ao alcalde e goberno municipal a interromper orzamentos na difusión do topónimo sen o be.

Asemade dase conta dunha **emenda de substitución á totalidade** presentada polo **GM do PP** e no seu nome por **Dna. María José Sampedro Fernández** do seguinte tenor literal:

Punto 16.-Proposición do grupo municipal do Grupo Mixto Suma Ribeira presentada por Xurxo Ferrón Vidán sobre grafismos oficiais a utilizar co topónimo Ribeira e demais simboloxía do Concello.

Emenda de substitución á totalidade:

ÚNICO.- Seguir dando cumprimento ao acordo do pleno do 28 setembro de 2020 polo que se aprobou con maioría absoluta de votos favorable a marca do Concello de Ribeira e o Manual de Identidade Corporativa, nunha actuación que foi cofinanciada con fondos europeos Feder dentro do proxecto Máis Ribeira Atlántica 2020.”



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20220804910
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL	- 11/01/2022	Fecha: 11/01/2022
MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE	- 11/01/2022	Hora: 14:01
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES	- 11/01/2022 14:01:44	





Igualmente dase conta dunha **emenda de adición** presentada polo **GM do BNG** e no seu nome por **D. Luis Pérez Barral** do seguinte tenor literal:

“4.-O Goberno Local deixará de empregar o corazón no entanto non se acorde unha simboloxía entre os grupos da Corporación”

Enterados/as os/as Sres/as concelleiros/as do contido da proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira**, así como a **emenda de substitución á totalidade** presentada polo **GM do PP** e da **emenda de adición presentada polo GM do BNG**; rematadas as **intervencións** nos termos que obran no **arquivo audiovisual** que incorporárase á presente acta como parte integrante da mesma en cumprimento do disposto no DECRETO 24/2018, DE 15 DE FEBREIRO, DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA, SOBRE OS LIBROS DE ACTAS E RESOLUCIÓN DAS ENTIDADES LOCAIS GALEGAS, sómese en primeiro lugar a votación ordinaria a **emenda do GM do PP** en cumprimento do artigo 116 do Regulamento Orgánico do Concello de Ribeira co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 9 PP

-VOTOS EN CONTRA: 11 (1 Mixto-Suma Ribeira, 6 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-ABSTENCIÓNS: 0

Rexeitada a emenda do GM do PP, sómese a continuación a votación ordinaria o ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais de data 24 de novembro de 2021, **previa aceptación polo GM Mixto.-Suma Ribeira da incorporación da emenda de adición do GM do BNG**, co seguinte resultado:

-VOTOS A FAVOR: 11 (1 Mixto-Suma Ribeira, 6 PBBI, 2 Ps de G-Psoe, 2 BNG)

-VOTOS EN CONTRA: 9 PP

-ABSTENCIÓNS: 0

Polo que o Pleno da Corporación acorda por **maioría absoluta** dos seus membros **aproba** proposición do **GM Mixto-Suma Ribeira** sobre **GRAFISMOS OFICIAIS A UTILIZAR CO TOPÓNIMO RIBEIRA E DEMÁIS SIMBOLOXÍA DO CONCELLO**, según ditame transcrito da Comisión Informativa de Administración Pública e Relacións Institucionais, e en consecuencia aproba:

Primeiro:-*Que se realicen as actuacións suficientes e necesarias na procura do meirande consenso na elección e difusión dos símbolos gráficos de concello, e, nomeadamente, do noso topónimo.*

Segundo:-*Que no prazo máximo de tres meses sexa presentada ao pleno unha moción na que se decida a simboloxía a seguir referente ao topónimo Ribeira en todo tipo de actuación do concello, incluíndo á corporación municipal, equipo de goberno e alcalde.*

Terceiro:-*En tanto a citada moción non sexa debatida e votada, instar ao alcalde e goberno municipal a interromper orzamentos na difusión do topónimo sen o be.*





CONCELLO
DE
RIBEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Cuarto:-*O Goberno Local deixará de empregar o corazón no entanto non se acorde unha simboloxía entre os grupos da Corporación”*

E sendo as **23 horas e 59 minutos** do día **10 de xaneiro de 2022**, en cumprimento do “principio de unidade de acto” previsto no artigo 87 do ROF, quedando pendentes os **puntos 11, 12, 13, 14, 15 e 16** da orde do día, o **Sr. alcalde-presidente** deu por finalizada a sesión do que, como secretario, dou fe e certifico.

O alcalde-presidente

O secretario xeral

Manuel Ruiz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle



FIRMANTE - FECHA

